

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019566	IES de Chapela	Redondela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión católica	4º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

## 1. Introducción

A formación relixiosa no currículo escolar non depende da confesionalidade ou non do estado, pois é un dereito fundamental da persoa recollido na Constitución: Os poderes públicos garantirán o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións. (Art. 27.3.1978)

A liberdade relixiosa de persoas e pobos é recoñecida pola Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948. Asemade a Constitución Española non só recoñece a liberdade relixiosa senón tamén garante o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións no artigo 27.3. Un dereito que tamén forma parte de tratados internacionais recoñecidos por España como o Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais no seu artigo 13.3 e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000, artigo 14.3, entre outros.

A LOMLOE, ademais, no primeiro apartado do seu primeiro artigo, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno.

Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmrese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como materia curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas, xa que a relixión é un fenómeno integrante da vida e a historia das sociedades humanas e unha clave esencial da súa cultura. Tamén hoxe, nas sociedades nas que domina unha cultura secularizada, pluralista e científico-técnica, a relixión é un feito real e significativo para amplos sectores sociais e unha referencia básica para a interpretación da nosa civilización occidental. Por iso é unha materia imprescindible para coñecer a idiosincrasia dos pobos e para profundizar no que é o ser humano, na súa historia persoal e colectiva.

O currículo da materia de Relixión Católica é resultado dun fecundo diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Secundaria Obrigatoria.

O deseño curricular da materia de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de re-imaginar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, escóitaa das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial.

Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

Facilítase unha aprendizaxe competencial dos contidos apresos, de maneira que as aprendizaxes sexan útiles para a vida dos alumnos, contribuíndo á súa formación integral e á súa inserción social.

A abordaxe dos contidos faise a través de actividades que susciten o interese dos alumnos, que promovan o diálogo e que buscan expor cuestións que fagan reflexionar sobre os grandes interrogantes vitais. Antes de abordar os novos contidos detéctanse os coñecementos previos do alumnado.

O Proxecto é modular e flexible o que permite a creación de itinerarios de aprendizaxe que se adaptan ás particulares do novo currículo. Baséase no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), para definir as situacións de aprendizaxe, os retos, os escenarios cooperativos, as estratexias de pensamento, facendo accesible a aprendizaxe a todos os alumnos.

As e os docentes necesitamos, como calquera outro profesional, planificar a nosa actividade.

Esta planificación resulta imprescindible, por un lado, para cumprir co estipulado por instancias superiores e contextualizalo no noso entorno, e, por outro, para alonxarse do intuicionismo e da improvisación.

Programar é responsabilizarnos da parcela que nos corresponde do proceso Educativo, é un conxunto de decisións adoptadas por el profesorado de una especialidad en un centro educativo, al respecto de una materia o área y del nivel en el que se imparte, todo ello en el marco del proceso global de enseñanza-aprendizaje ( [www.gobiernodecanarias.org/educacion](http://www.gobiernodecanarias.org/educacion))

O centro ó que vai dirixida esta programación é o I.E.S. Chapela, situado na parroquia de Chapela, dentro do concello de Redondela, concretamente a súa parroquia mariñeira máis grande, cuns 7.261 habitantes, segundo o Padrón municipal publicado polo INE en 2020; e que é limítrofe con Vigo como gran centro urbano.

Chapela é unha vila mariñeira na que a industria ten gran peso, que ten como principal factoría a Pescanova e é sede da redacción e rotativo decano da prensa española, Faro de Vigo, fundado o 03 de xaneiro de 1853.

A situación familiar da maioría do alumnado do centro corresponde ó modelo de familia nuclear, sen embargo, cada vez será maior o número de alumnos/as con proxenitores separados ou divorciados e que conviven en entornos e situacións potencialmente problemáticos; O nivel sociocultural do alumnado e os seus proxenitores é medio-baixo; conescasa relevancia das ensinanzas profesionais ou carreiras universitarias nos pais/nais e uns ingresos económicos modestos, neste curso obsérvanse numerosas familias que non teñen ningún tipo de recursos económicos. O alumnado procederá xeralmente das escolas públicas do entorno, chegando a ser uns 800 alumnos/as, aínda reducíndose o número dos mesmos a medida que se aumenta o nivel educativo.

No entorno do I.E.S o alumnado conta con: un centro multiusos que inclúe una biblioteca; sen embargo, e grazas á proximidade de Vigo, contan coa posibilidade de acceder con facilidade

a: museos (etnográfico, de arte contemporáneo, etc), centros culturais, teatros, O centro, seguindo as directrices do R.D 132/2010, de 12 de Febreiro, polo que se establecen

os requisitos mínimos dos Centros que impartan ensinanzas de Réxime Xeral non Universitarias, conta físicamente con, aulas xenéricas, cunhas dimensións suficientes para

albergar a 30 alumnos e outras máis reducidas para os posibles desdobres necesarios en certas asignaturas; tamén aulas específicas (tecnoloxía, música, laboratorios, etc) un aula de

Conferencias ou audiovisuais con capacidade para uns 100 alumnos/as; e dúas aulas de informática; que contan ámbalas dúas cos medios tecnolóxicos e audiovisuais máis actuais. O

profesorado contamos tamén coa posibilidade de utilizar medios tecnolóxicos e audiovisuales móveis, existentes en cada unha de las plantas do centro, para ampliala posibilidade de

utilización das novas tecnoloxías en tódalas aulas: canóns, pizarras dixitais, etc e cunha biblioteca dotada cos recursos bibliográficos e tecnolóxicos suficientes para o desenvolvemento de

calquera actividade programada polo profesorado e solventalas dudas que lles poidan xurdir ós alumnos/as no proceso de enseñanza-aprendizaxe

En cuanto as instalacións xerais, contamos cun ascensor, baños, ramplas e aparcamento propio adaptados para as persoas (tanto alumnado como profesorado) con deficiencias físicas;

un aula de orientación y e apoio para os que presenten deficiencias de aprendizaxe, e por suposto, os diferentes departamentos didácticos asemade outras salas necesarias para unha

completa labor educativa.

As aulas nas que levarei a cabo a miña actividade, están dotadas todas dun ordenador, encerado e mesas e cadeiras para tódolos alumnos/as; así como xel hidroalcohólico, panos, papeleira con tapa e produto desinfectante para mesas e cadeiras.

Ademáis debido a inclusión do centro no programa EDIXGAL todos os alumnos da ESO contarán co ser propio portátil para poder traballar na aula

Con respecto ó organigrama do centro, e baseándose no R.D 83 /1996, de 26 de Enero, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria; componse de:

- Equipo directivo: Director, Vicedirector, Secretario, Xefatura de estudos (nocturna e diurna)
- Consello Escolar (máximo órgano Colexiado dos centros públicos) coas súas comisións:
  - Comisión da Biblioteca Escolar e Comisión Económica
  - Observatorio da Convivencia Escolar
  - Departamento de Orientación
  - Departamento de actividades extraescolares o complementarias: dirixido polo Bice director
  - Departamento de Dinamización lingüística
  - Comisión da Coordinación Pedagóxica
- Claustro de Profesores; organizados nos distintos departamentos

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos crave da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.	1-3			1-4	1-2-4-5		2-3	3
OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexa, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discerníndoos coas claves do <i>¿Reino de Deus¿</i> , para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.	4	3		2-3		3		1-2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A casa é de todos.	O ser humano está chamado a convivir con outros nun espazo compartido, unha casa común. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado reflexionará sobre a igual dignidade dos seres humanos, o coidado da natureza e a importancia do compromiso.	15	5	X		
2	Normas de convivencia.	Todas as sociedades organízanse de distintas maneiras. Xesús propón unha forma de organización completamente diferente, o Reino de Deus. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado reflexionará sobre a responsabilidade que temos na organización e na boa convivencia.	10	4	X		
3	Chegan reforzos.	O feito de vivir nunha sociedade globalizada non implica que sexa mellor que os anteriores modelos de convivencia, tamén se pensamos no impacto ambiental. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado profundará na categoría da fraternidade .	10	4	X		
4	Xeitos de convivir.	Facerse irmán doutros implica unha transformación persoal e unha mirada empática. A relixiosidade popular potencia a comunión coa natureza. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado profundará nas diferentes formas de vivir a fraternidade .	15	4		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Amigos para sempre.	Nun mundo dividido por razóns económicas, políticas e sociais o Papa reflexiona sobre a importancia de ser irmáns e introduce un concepto que ilumina o proxecto dunha fraternidade global: a amizade social. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado profundará nese concepto.	10	4		X	
6	Non sempre funciona.	O pecado é unha realidade presente no ser humano e fai dano a todos os vínculos. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado reflexionará sobre esa realidade, as consecuencias que ten no persoal e coñecerá o sacramento da reconciliación.	10	4		X	
7	Comunidade de bens.	Para os cristiáns é necesario construír relacións xustas e humanas. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado descubrirá a importancia do ben común e a necesidade de implicarse na súa consecución.	15	5			X
8	Corresponsabilizándonos.	Asumir responsabilidades é comprometerse na procura do ben común. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado aprenderá que as accións inflúen na contorna e a importancia do discernimento.	15	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A casa é de todos.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.	Descobre os trazos esenciais da antropoloxía cristiá. É capaz de relacionar a antropoloxía cristiá cos dereitos fundamentais. Defende a dignidade humana desde a antropoloxía cristiá. Identifica e verifica os trazos esenciais da antropoloxía cristiá en situacións globais da vida.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Compón un proxecto persoal de vida con sentido. Crea un proxecto de vida respondendo a valores de coidado propio e respectando os dos demais. Coida a natureza e aos demais. Toma como referencia a Xesucristo na construción dun proxecto persoal de vida.		
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Desenvolve actitudes sociais facéndose cargo do coidado dos outros. Crea lazos de solidariedade. Fai un uso responsable dos recursos naturais e dos espazos comúns. Ocúpase do coidado persoal e dos outros favorecendo respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.		
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal. Busca a construción da fraternidade universal. Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá co progreso. Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.		
CA1.7 - Participar criticamente na promoción da diversidade cultural, expresando e achegando creativamente as experiencias propias, respectando as diferenzas entre persoas e comunidades.	Analiza a promoción da diversidade cultural. Expresa e achega as experiencias propias na promoción da diversidade cultural. Domina o respecto ás diferenzas entre persoas e comunidades. Admira o patrimonio cultural respectando todas as experiencias e recoñecendo que son portadoras de sentido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana.</li> <li>- Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal.</li> <li>- Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade.</li> <li>- O Evanxeo como resposta á procura de sentido.</li> <li>- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.</li> </ul>



## Contidos

- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural.
- Respecto #ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático.

UD	Título da UD	Duración
2	Normas de convivencia.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Desenvolve actitudes sociais facéndose cargo do coidado dos outros Crea lazos de solidariedade Fai un uso responsable dos recursos naturais e dos espazos comúns Ocúpase do coidado persoal e dos outros favorecendo respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade	TI	100
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Participa na construción de sociedades xustas e democráticas. Reforza vínculos sociais e interxeracionais. Recoñece a interdependencia apreciando o seu vínculo emocional. Considera os principios e valores do maxisterio social da Igrexa.		
CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais.	Participa en proxectos de responsabilidade cara ao ben común. Colabora en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común Participa e promove proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común Implícase no fomento do ben común creando proxectos que poden ter opcións profesionais		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	<p>Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal</p> <p>Busca a construción da fraternidade universal</p> <p>Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatología cristiá co progreso</p> <p>Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade</p>		
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	<p>Comprende o significado da Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesús</p> <p>Recoñece o compromiso social da comunidade dos discípulos de Xesús como esencia do cristianismo</p> <p>Estima a contribución da Igrexa á cultura e á historia</p> <p>Demostra un achegamento ás crenzas e os valores propios da fe cristiá</p>		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal.</li> <li>- O Evanxeo como resposta á procura de sentido.</li> <li>- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> <li>- Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas.</li> <li>- Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Chegan reforzos.	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Desenvolve actitudes sociais facéndose cargo do coidado dos outros Crea lazos de solidariedade Fai un uso responsable dos recursos naturais e dos espazos comúns Ocúpase do coidado persoal e dos outros favorecendo respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade		
CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais.	Participa en proxectos de responsabilidade cara ao ben común. Colabora en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común Participa e promove proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común Implícase no fomento do ben común creando proxectos que poden ter opcións profesionais		
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal Busca a construción da fraternidade universal Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatología cristiá co progreso Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade	TI	100
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Adquire sentido de pertenza a unha tradición cultural. Comparte expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas. Aprecia o valor que pode chegar as súas creacións. Relaciona as súas contribucións estéticas, éticas e artísticas con contextos actuais e promove a súa memoria.		
CA1.10 - Favorecer a convivencia social en contextos plurais, respectando as opcións persoais e xerando espazos de diálogo e encontro.	Coopera en contextos plurais para favorecer a convivencia social. Mostra respecto ás opcións persoais. Promove espazos de diálogo e encontro. Coexiste con persoas nun mesmo ambiente de maneira respectuosa a pesar das diferentes culturas e respecta todas as opcións persoais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal Busca a construción da fraternidade universal Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatología cristiá co progreso Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Relaciona o saber relixioso con outras disciplinas de coñecemento. Analiza as distintas tradicións culturais e relacionaas co saber relixioso. Contrasta co saber relixioso os paradigmas científicos, tecnolóxicos e outras cosmovisións Compara outras cosmovisións e respectando a pluralidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana.</li> <li>- Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal.</li> <li>- Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade.</li> <li>- O Evanxeo como resposta á procura de sentido.</li> <li>- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> <li>- Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas.</li> <li>- A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural.</li> <li>- Respecto #ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural.</li> <li>- Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Xeitos de convivir.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Compón un proxecto persoal de vida con sentido Crea un proxecto de vida respondendo a valores de coidado propio e respectando os dos demais Coida a natureza e aos demais. Toma como referencia a Xesucristo na construción dun proxecto persoal de vida		
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Desenvolve actitudes sociais facéndose cargo do coidado dos outros Crea lazos de solidariedade Fai un uso responsable dos recursos naturais e dos espazos comúns Ocúpase do coidado persoal e dos outros favorecendo respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade		
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Participa na construción de sociedades xustas e democráticas. Reforza vínculos sociais e interxeracionais. Recoñece a interdependencia apreciando o seu vínculo emocional. Considera os principios e valores do maxisterio social da Igrexa.		
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal Busca a construción da fraternidade universal Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá co progreso Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade	TI	100
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Adquire sentido de pertenza a unha tradición cultural. Comparte expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas. Aprecia o valor que pode achegar as súas creacións. Relaciona as súas contribucións estéticas, éticas e artísticas con contextos actuais e promove a súa memoria.		
CA1.9 - Formular posibles respostas ás preguntas de sentido, coñecendo e valorando as achegas das tradicións relixiosas, en especial a proposta de sentido da vida de Xesucristo, elaborando as súas propias respostas partindo dunha análise crítica e a adaptación á súa situación persoal.	Ante as preguntas de sentido é capaz de formular posibles respostas. Coñece e valora as achegas das tradicións relixiosas á resposta do sentido. Aprecia a proposta de sentido da vida de Xesucristo Confecciona as súas propias respostas e a adáptaa á súa situación persoal.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal Busca a construción da fraternidade universal Contrasta a antroploxía, a moral e a escatoloxía cristiá co progreso Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal.</li> <li>- Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade.</li> <li>- O Evanxeo como resposta á procura de sentido.</li> <li>- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> <li>- A Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesucristo.</li> <li>- Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas.</li> <li>- Respecto #ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural.</li> <li>- Figuras históricas e eclesiais comprometidas co ben común.</li> <li>- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.</li> <li>- Proxectos eclesiais que traballan a amizade social, a solidariedade interxeracional e a sustentabilidade do planeta.</li> <li>- Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Amigos para sempre.	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.	Descobre os trazos esenciais da antropoloxía cristiá É capaz de relacionar a antropoloxía cristiá cos dereitos fundamentais Defende a dignidade humana desde os trazos esenciais dunha antropoloxía cristiá Identifica e verifica os trazos esenciais da antropoloxía cristiá en situacións globais da vida.		
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Compón un proxecto persoal de vida con sentido Crea un proxecto de vida respondendo a valores de coidado propio e respectando os dos demais Coida a natureza e aos demais. Toma como referencia a Xesucristo na construción dun proxecto persoal de vida		
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Desenvolve actitudes sociais facéndose cargo do coidado dos outros Crea lazos de solidariedade Fai un uso responsable dos recursos naturais e dos espazos comúns Ocúpase do coidado persoal e dos outros favorecendo respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade		
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Participa na construción de sociedades xustas e democráticas. Reforza vínculos sociais e interxeracionais. Recoñece a interdependencia apreciando o seu vínculo emocional. Considera os principios e valores do maxisterio social da Igrexa.	TI	100
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal Busca a construción da fraternidade universal Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá co progreso Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade		
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Adquire sentido de pertenza a unha tradición cultural. Comparte expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas. Aprecia o valor que pode achegar as súas creacións. Relaciona as súas contribucións estéticas, éticas e artísticas con contextos actuais e promove a súa memoria.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleo esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal Busca a construción da fraternidade universal Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatología cristiá co progreso Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Relaciona o saber relixioso con outras disciplinas de coñecemento. Analiza as distintas tradicións culturais e relacionaas co saber relixioso. Contrasta co saber relixioso os paradigmas científicos, tecnolóxicos e outras cosmovisións Compara outras cosmovisións e respectando a pluralidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal.</li> <li>- Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade.</li> <li>- O Evanxeo como resposta á procura de sentido.</li> <li>- Estratexias de comunicación en distintas linguaxes das propias ideas, crenzas e experiencias en contextos interculturais.</li> <li>- Razonabilidade da fe, desenvolvemento integral da persoa e fomento do ben común.</li> <li>- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> <li>- A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural.</li> <li>- A vida da Igrexa como xeradora de identidade e cultura ao longo da historia: análise das súas contribucións á construción social, política e cultural.</li> <li>- Respecto #ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural.</li> <li>- Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes.</li> <li>- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.</li> <li>- Os dereitos humanos e os obxectivos de desenvolvemento sostible en relación co pensamento social cristián.</li> <li>- A esperanza cristiá e a santidad.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
6	Non sempre funciona.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.	<p>Descobre os trazos esenciais da antropoloxía cristiá</p> <p>É capaz de relacionar a antropoloxía cristiá cos dereitos fundamentais</p> <p>Defende a dignidade humana desde os trazos esenciais dunha antropoloxía cristiá</p> <p>Identifica e verifica os trazos esenciais da antropoloxía cristiá en situacións globais da vida.</p>	TI	100
